

# LIMLAR

Por VIDAL ROMANI, Juan Ramón

A reunión de este ano, a V, desde o comenzo da nova etapa do Laboratorio ven coincidir cun fito sobranceiro na historia do Laboratorio Xeolóxico de Laxe que, en certo modo, pecha un longo período de case meio século.

O día 2 de nadal, e a proposta da Facultade de Ciencias Biolóxicas, o Profesor Parga Pondal é nomeado en solene Sesión de Investidura como Doctor Honoris Causa pola Universidade de Santiago.

Ben queríamos todos, os de algún xeito conectados coa vida e a obra de Don Isidro Parga Pondal, que este feito estivera precedido por algo semellante en algunha das moitas Facultades de Xeoloxía coas que estivo, e aínda está, conectado o Profesor Parga Pondal, dende a fundación do Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Mais tamén é satisfactorio que sexa a primeira en dar o paso a Universidade da que un día foi separado o Profesor Parga Pondal.

O acto, que foi moi emotivo, e tampouco moi corrente, foi acompañado coa presenza de moitos xeólogos que ían participar logo na Reunión. A Facultade de Bioloxía, ademais de estrearse en propostas para D. H. C., coa figura de Don Isidro Parga Pondal, tivo a sorte de que lle abriña para o acto o Salón de sesións, recién terminado, no Pazo de Fonseca. E tamén aquel día, o Goberno Autónomo de Galicia permitiu a entrada, que normalmente utilizan os deputados, ao público asistente ao noso acto.

Á tarde, e despois do tradicional almorzo na Táboa da Fusquenlla, comenzaron as Sesións Científicas. O tema monográfico de este ano, «Petroloxía e Estrutura das Unidas de Cabo Ortegal, Ordes, e Complexo Antigo», propiciou unha participación simbólica dos traballos presentados no apartado de Minería, o que ficaron reducidos a dous: «Estado de la investigación por Estaño en el Coto Alto de Calabor (Zamora), e, «Ensayo previo de volatilización de estaño», ambolosdous presentados polo Dr. Ingo. F. Barahona, da Empresa Nacional ADARO, un nome xa habitual nos nosos programas de traballo.

Polo que se refire aos traballos xeolóxicos, clasificámoslos en dous grandes apartados: A Xeoloxía do Hercínico e a Xeoloxía do Cuaternario.

O primeiro, un tema habitual nas reunións do Laboratorio Xeolóxico de Laxe xa dende a súa fundación. O segundo, froito de unha liña de traballo continuada, que o Grupo Galego de Cuaternario, vinculado ao Laboratorio Xeolóxico de Laxe, leva adiante cada ano con máis forza.

Neste apartado de xeoloxía do cuaternario hanse destacar por forza os agrupados no

capítulo de Sedimentoloxía, onde o Profesor Asensio Amor, dirixe e realiza a súa investigación sistemática do meio costeiro-fluvial da metade norde da beiramar galega. «Nota sobre depósitos Estefaniense B y cuaternario de la Punta del Cuerno (límite galaico-astur)», do que son autores Gómez Miranda e Asensio Amor, podemos ver un estudio comparativo de sedimentos fósiles e actuais, interesante en canto a metodoloxía.

O outro traballo «Aspectos morfológico y sedimentológico de formaciones antiguas en la cuenca alta y media del Masma (Lugo)», ven ser, ademais do primer froito do traballo de un xoven investigador, J. R. Copa Novo, o garante da continuidade da xa longa obra do Profesor Asensio Amor en Galicia.

Por último «Nuevas aportaciones para el reconocimiento de la Cuenca Terciaria de Meirama (A Coruña), de P. Cervantes, quen traballou como becario durante case un ano nesa explotación lignítifera, infelizmente non incluído na publicación por non ter chegado a tempo o orixinal, supón (ou suporía) unha interesante contribución ao coñecemento do descoñecido terciario galego continental.

No apartado de Glaciarismo e Periglaciarismo, ademais de «Nuevas aportaciones al periglaciarismo galaico-astur» de Asensio Amor e Gómez Miranda, que engaden novos datos ao coñecemento dos sedimentos costeiros formados durante os períodos fríos do fini-pleistoceno, unha interesante aportación metodolóxica para o estudio dos sedimentos glaciares: «Las cubetas de sobre-excavación de Bono y Barruera (Alta Ribagorça-Pirineo Central)», de J. M. Vilaplana y Casas, A., investigador, o primeiro, xa habitual nos equipos que están a traballar no estudo do cuaternario galego, e do que xa outros anos se teñen publicado interesantes traballos en colaboración cos membros do G. G. Q.

En Paleontoloxía do Cuaternario, a grande descoñecida en Galicia, un ano máis, a revista do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, publica unha aportación interesante, aínda que non fora mais que pola escasez de elas en Galicia, sobre a nosa fauna fósil. «Contribución al estudio de las faunas prehistóricas: los ungulados de Galicia» de J. M. Vázquez Varela, supón unha síntese dos resultados das excavacións arqueolóxicas, feitas por este prehistoriador galego nos últimos seis anos, ás que se engaden datos tirados do estudio dos petroglifos sobre granitos. O traballo de E. Fernández Vidal, aínda que a primeira vista pode semellar «fora de contexto», é un estudio da influencia dos períodos glaciares cuaternarios galegos na emigración e a especiación de faunas, neste caso persoalizado en novas sub-especies para Galicia da *Erebia Triarius*. No texto do traballo pode comprobarse que unha de estas novas subespecies é nomeada *pargapondalensis*, recibindo así, o noso Director esta nova proba de recoñecemento ao seu traballo.

No «Ensinso da Xeoloxía», se recolle unha das máis vellas teimas do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, a divulgación dos coñecementos adquiridos no seu eido, aos que os arrodean. A. Figueroa Panisse, co seu traballo «A geología no ensino medio: una opción interdisciplinar. As Geociencias «quixo que chegara a nós, se non o texto do seu traballo, ao menos a súa inqueda na maneira en que ten de se espallar ese coñecemento da xeoloxía galega entre os alumnos de ensino medio.

Mais o tema monográfico da Reunión, era o que tiña un interés preferente este ano. Como xa mais atrás foi dito, pretendíase unha síntese ao día da «Petroloxía e Estrutura das Unidades de Cabo Ortegal, Ordes e Complexo Antigo», temas de cantos compoñen a xeoloxía galega, dos mais conflictivos e cambiantes.

Procurouse recoller de entre os investigadores españois, as mais representativas figuras. Aínda que invitados a participar moitos mais, contouse coa colaboración de membros das Universidades de Madrid (Complutense), Oviedo, Barcelona (Bellaterra), e Sa-

lamanca. Tamén é de destacar a presenza sostida, aínda que polo de agora menos numerosa do que nós quixeramos, dos colegas portugueses, representados este ano polo Profesor F. Noronha da Universidade de Porto.

No eido das rochas graníticas, o traballo de I. Gil Ibarguchi e os seus colaboradores, «Distribución de Tierras Raras (REE), en granitoides hercínicos de la región de Fisterra (Galicia, N.E. de España», aportou resultados, segundo as últimas técnicas de análise, ao estudo de estas rochas.

Outros traballos, «Petrografía y aspectos geoquímicos de los enclaves microgranudos de Cangas de Morrazo-Moaña (Provincia de Pontevedra), de Gallastegui, Corretgé e Cuesta, detido e pormenorizado exame das inclusións en granitos galegos, «Mineralizacións espacial e genéticamente asociadas ao macizo granítico da Serra de Gêrez. Um exemplo de zonalidade» de Noronha, que é coma unha mao tendida aos xeólogos galegos ao mostrar o detalle da xeoloxía a outra beira da raia.

E, por fin, «Granitoides cuarzo-dioríticos y granodioríticos en el Sector Usagre-Llerena (Provincia de Badajoz, S. E. Macizo Ibérico)», de Chacón e Martín-Rubí, unha boa mostra do nivel e calidade dos traballos entre os membros do Grupo de Osa Morena. No que as Rochas metamórficas se refire só dous traballos, procedentes da Universidade Autónoma de Barcelona (Bellaterra): «Evolución térmica de las áreas de alto grado en el N. O. de la Península Ibérica (Cordillera Herciniana)», de Martínez, F., infelizmente, non aparece en este volumen por non nos ter chegado o orixinal a tempo, traballo de síntesis rexional e de grande valor para o entendemento da evolución metamórfica de Galicia, e, «Datos preliminares U-Pb, Sm-Nd, y de Tierras Raras (REE), de las eclogitas de Cabo Ortegal (Galicia)», de Gil Ibarguchi e colaboradores, e de indudable paralelismo en canto ás técnicas empregadas co anterior do mesmo autor.

No que a Paleontoloxía do Hercínico se refire, como xa en anos pasados, Gutiérrez Marco aportou novas precisións á bioestratigrafía de dominios vitais para o entendemento das deformacións tectónicas nas series paleozoicas da Península Ibérica. Sempre polémico, soubo demostrar dun xeito práctico os problemas do recoñecemento dos fósiles no campo con espectaculares mostras que expuxo aos asistentes á reunión.

O día final tivo lugar unha Táboa Redonda sobre o tema monográfico da mesma. Inconvintes de última hora non permitiron que, como quixéramos, a transcripción da mesma, veña publicada en este número, que, se as cousas non se torcen veremos nun dos números seguintes dos Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

E así foi como rematou a Reunión de 1983. Un ano menos a recorrer na vida do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

O Castro, 13 de xullo de 1984